**PERMISOS ESCOLAS INFANTÍS**

**Actualizados marzo 2024**

## PERMISOS RETRIBUÍDOS

| PERMISOS | Artigo | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|
| Matrimonio ou inscrición no rexistro correspondente como parella de feito. | CV.36.a | 15 días naturais. Preaviso 15 días. Computan desde o 1º día laboral. |
| Accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario. Por cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, incluído familiar consanguíneo/a da parella de feito, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores, que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela. Pode iniciarse mentras dure o feito causante. | CV.36.b ET.37.3b | 5 días laborais. |
| Falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. | CV.36.b | 3 días laborais. Desprazamento fóra da provincia 4 días. |
| Traslado de domicilio habitual. | CV.36.c | 1 día laboral. Preaviso 15 días. |
| Voda de parentes ata 2º grao de consanguinidade. | CV.36.f | 1 día. |
| Cumprimento dun deber de carácter público e persoal. | CV.36.d | Polo tempo indispensable. |
| Realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, e, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade. | CV.36 ET.37.3f | Polo tempo indispensable e só no caso de que teñan que realizarse dentro do horario de traballo. |
| Para a asistencia a consultorio médico da Seguridade Social. | CV.36.g | Polo tempo indispensable. |
| Por causa de forza maior cando sexa necesario por motivos familiares urxentes relacionados con familiares ou persoas conviventes, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensable a súa presenza inmediata. | ET.37.9 | As horas equivalentes a catro días ao ano. É necesario acreditar o motivo da ausencia posteriormente. |
| Exames oficiais que conduzan ao perfeccionamento e promoción profesional na empresa. | CV.42 | xustificar tanto a formalización da matrícula como asistir aos devanditos exames. |
| Cursos organizados de acordo a plans específicos contidos nos programas de Formación Continua. | CV.41 | Polo tempo necesario. |
| O cadro de persoal con polo menos un ano de antigüidade na empresa terá dereito a un permiso retribuído de 20 horas anuais de formación vinculada ao posto de traballo acumulables por un período de ata cinco anos. Permisos Individuais de Formación. | CV.41 ET.23 | Preaviso mínimo dun mes, salvo que por circunstancias xustificadas se requira de menos prazo para a súa solicitude. Deberá constar expresamente a súa concesión por parte da empresa. Terán esta mesma consideración os permisos individuais concedidos ao amparo do Acordo Nacional para a Formación Continua. |
| Coidado do bebé lactante nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.<br>Lactación acumulada | CV.39 ET.37.4 | Unha hora de ausencia do traballo, que poderá dividir en dúas fraccións, para o coidado do/a lactante ata que este/a cumpra nove meses. A duración do permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples.<br>20 días naturais. |

## PERMISOS NON RETRIBUÍDOS

| PERMISOS | Artigo | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|
| 15 días por ano | CV.37 | Estes días de permiso sen soldo non poderán ser inmediatamente anteriores ou posteriores ás datas de vacacións. PREAVISO: 15 días. |
| Exames oficiais sen relación coa empresa. | ET.23 | Para obtención dun título académico ou profesional. |
| Coidado de fillo, filla ou menor acollido/a por tempo superior a un ano, ata o momento en que o/a menor cumpra oito anos. | ET.48 BIS | 8 semanas, continuas ou descontinuas, a tempo completo ou a tempo parcial. A partir do 2 de agosto de 2024, e por mandato europeo, este permiso debería ser retribuído. |

Telf. 604030807 E-mail: snepdegalicia@gmail.com

https://snepdegalicia.org https://www.facebook.com/snep.galicia.1